



## Manuel García Barros (1913-1969)

### No centenario dun docente estradense exemplar

María José García Blanco

mariajose.garcia.blanco@usc.es

Juan L. Blanco Valdés

juanblv82@gmail.com

#### **Brevísimo proemio do coautor**

Eu coñezo un Julio Iglesias, profesor de universidade, e un Manolo Escobar, representante de laboratorio e veciño meu. Estas homonimias poden resultar unha molestia cando corresponden ao antropónimo dun personaxe tocado polos loureiros da fama, pois semella que cada vez que se declara o nome hai que xustificar a coincidencia, case como pedindo perdón por usurparllo ao famoso:

– Si, Manolo Escobar, como o cantante...

No caso do noso biografado, a coincidencia dun nome e dous apelidos, na verdade nada raros, cos dun escritor de Callobre que acadou certo nome nas nosas letras contemporáneas, provoca a case conveniencia de tildar a aquel como Manuel García Barros ‘o Outro’, unha outredade que, polo demais, apenas precisa de maior xustificación: creo cada vez máis, en efecto, na grandeza, sublime e anónima, das biografías sinxelas, alicerzadas no esforzo e a convicción e moduladas pola honestidade e, no caso que nos ocupa, na entrega á docencia e a cultura, máxime cando estas biografías vense supetamente cercenadas por unha morte prematura, que iugula proxectos e expectativas dignos de maior fortuna.

Para min, Manuel García Barros, que en maio último tería cumprido cen anos, se a Parca cruel non se lembrara del en 1969, é, e sempre será, tío Manolo. Tío Manolo era un sempiterno sorriso e un grande afecto. Era, así o recordo, moi neneiro e a min e aos meus curmáns facíanos rir cos seus chistes e contos. A todos nos causaba moita graza que, á tía Felisa, súa dona, lle chamara invariablemente *Felisiña*. Tío Manolo era miúdo, non moi alto, pulcro no vestir, gastaba traxe escuro e gravata, cunha calva prematura que, lonxe de afealo, eu creo que o facía máis característico e pintado.



Manuel, sobre quen o pai apoia agarimosamente a man, cos pais e irmáns Mariano, Carmen e Cristina.

Hai unha lembranza cravada na miña nenez: un neno de nove anos, co pelo crecho e da cor da cenoria, está sentado na mesa camiña da casa da avoa Juana, na rúa Serafín Pazo, facendo un solitario cos pes enriba do braseiro. Era contra a tardiña dun Domingo de Ramos. Papá entra alterado en casa, chama a mamá e con xesto angustiado dille:

– Murió Manolo.

Hoxe enfronto esa pantasma do pasado e poño este proemio en memoria do eterno sorriso de tío Manolo. E, tamén, en homenaxe dunha xeración de homes e mulleres, que, á luz de non se sabe que memorias históricas invocadas por sectarios e xentes de pouco criterio, quere presentárenos como cómplice da ditadura franquista cando, ben en troques, debuxaron como puideron o seu mapa do mundo nun universo torvo e hostil e hoxe érguense como xigantes cun exemplo de esforzo, entrega e renuncia que abochorna a unha xeración como a nosa, conformada de melindreiros e mamarrachos a quen nada falta e todo sobra.

Asino este artigo coa filla de Manuel García Barros, miña prezada curmá, María José García Blanco, profesora de grego da universidade compostelá.

\* \* \*

Manuel García Barros naceu a 31 de maio de 1913 en Souto de Veá, fillo de José García Núñez e de Manuela Barros Rozados. En xuño de 1921, apenas cumpridos oito anos, faleceu o seu pai, polo que súa nai, viúva con cinco fillos menores (José, Mariano, Carmen, Manuel e Cristina), trasladouse a vivir á Estrada, onde os seus pais, Mariano e Carmela, rexentaban a soada fonda e casa de comidas *Casa Mariano*, de onde o alcume familiar de «os de Mariano».

Señora Manuela de Mariano tivo sempre a ilusión de que un dos seus fillos fose sacerdote e, tras emigraren os dous máis vellos a América, só quedaba Manuel, que ingresou no seminario de Santiago sendo aínda un meniño. No seminario compostelán compartiu aulas e vivencias con don Manuel Boullosa, párroco que sería



De seminarista.



Coa nai, a súa irmá Cristina, o seu cuñado Antonino Barros e os sobriños Mito e María Cristina, acabada de nacer.



O mecanógrafo «salvador» na Capitania Xeneral da Coruña.

anos despois da Estrada, e logo da igrexa de San Rosendo na Coruña e para sempre amigo íntimo de Manuel e a súa familia. Pero o espírito inquedo de Manuel non estaba chamado aos rigores do sacerdocio e axiña abandonou a clerecía.

En plena República, 1934, foi chamado a filas e destinado á Capitania Xeneral da Coruña. Un día, na oficina onde estaba Manuel entrou o Capitán Xeneral da Rexión Militar, don Fermín Gutiérrez de Soto, preocupado porque tiña que escribir unha carta de pésame, o que non deixaba de ser unha molestia. Manuel ofreceuse a escri-



Na Coruña, de militar, con José Iglesias Fuentes (en primeiro plano), curmán da súa futura esposa, familiarmente Pepe de Cuntis, e o estradense Pedro Varela.

birlla. O xeneral estrañouse de que un pobre soldado chegase a tanto e preguntoulle se sería capaz. O soldadiño, que era bacharel e sabía latín (en sentido literal), non se achantou e, resolto, respondeulle que el lla escribía e se non lle gustaba que a rompera e non se perdía nada. Tanto lle gustou a redacción e estilo da fúnebre misiva a Gutiérrez de Soto que a partir de entón Manuel converteuse, máis ca no seu simple asistente, na súa man dereita.

Nesa Capitanía Xeneral da cidade herculina, na Unidade de Destinos, estaba Manuel na altura do golpe de xullo do 36. Quixo a fortuna que se convertera no anxo salvador de moitos soldados procedentes do recrutamento da Estrada, pois, dende a súa privilexiada posición de home de confianza, cando, mirando na lista de destinos, facía falta algún profesional, casualmente lonxe da fronte, Manuel sempre coñecía algún «magnífico» panadeiro, electricista, fontaneiro, fotógrafo, etc., que, mire vostede por onde, era natural da Estrada. E ao Capitán Xeneral, oída a recomendación do seu «valido», faltáballe tempo para asignar eses destinos. Escusado é dicir que, na



Carné do Colexio de Licenciados en Filosofía e Letras.

maioría dos casos, o «magnífico panadeiro» non vira xamais un saco de fariña, o «magnífico electricista» un cable, o «magnífico fontaneiro» un soplete ou o «magnífico fotógrafo» unha cámara de fotos, aínda que, perante a alternativa da fronte, e como á forza aforcan, axiña aprendían o oficio e ningún deixou quedar en mal lugar a Manuel<sup>1</sup>.

Moitos anos despois, un bo día, atopábase a filla de Manuel, coautora destas liñas, en certo supermercado compostelán cando lle foi presentado un señor que casualmente tamén estaba no establecemento. A persoa que os presentou preguntoulle ao señor: «Sabes quén é esta rapaza?» E, sen agardar resposta, indicou: «É a filla de Manuel de Mariano». María José esperou, entón, que o señor lle dixese, como facían todos, algo así como «Teu pai deume clase» ou «Eu fun alumno de teu pai». Pero o señor, emocionado, díxolle algo

1 Un «magnífico fotógrafo» salvado por Manuel foi o seu cuñado Mario Blanco Fuentes, destinado ao Gabinete Fotográfico do Corpo de Exército de Galicia, baixo o mando do xeneral Antonio Aranda. Un inxente arquivo fotográfico da Guerra Civil e unha enorme afección á fotografía que Blanco Fuentes nunca abandonou teñen, pois, a súa orixe na intervención de García Barros.





Grupo de profesores e alumnos diante do Colexio Inmaculada Concepción. No centro, de pé, o sacerdote D. Nicolás Mato Varela, director do centro. Manuel é o segundo pola dereita da ringleira superior. O primeiro, sentado á dereita, da primeira fila é Luis Valdés Mota, quen porta o brazaletes de loito pola recente morte de seu pai, o director da Banda Municipal Luis Valdés Martín. Moitos estradenses de hoxe haberán recoñecer os seus devanceiros.

radicalmente distinto: «Teu pai salvoume a vida». Logo contoulle que, a piques xa de marchar para a fronte de Asturias (de onde regresaba con vida un de cada cen soldados), unha providencial chamada de Manuel cambioulle o destino.

Rematada a contenda, Manuel matriculouse en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, onde foi alumno predilecto de don Abelardo Moralejo, cuñado de Fermín Bouza Brey, vicerreitor que sería da Minerva compostelá e pai dunha esgrevia familia de universitarios e intelectuais. Con Moralejo obtivo matrícula nas súas materias (Latín, Grego, Hebreo, Sánscrito...). Terminados aquí os estudos comúns, trasladouse a Madrid para facer a especialidade de Filoloxía Clásica<sup>2</sup>. Licenciouse cun magnífico expediente en 1942, é dicir, que fixo a carreira en tres anos.

2 Era tal a fama de *hueso* de D. Abelardo, que cando en Madrid os compañeiros de Manuel souberon que obtivera matrículas con Moralejo, trataron ao «galleguiño» cunha consideración especial.

Unha vez que se licenciou, aínda que os seus profesores de Madrid animábanlle e teimaban en que quedase alí para facer carreira docente na Universidade, a morriña puido máis e volveu á súa querida Estrada.

Unha vez de volta na súa terra, en setembro de 1942 entrou a facer parte do cadro docente do *Colegio Libre Adoptado Inmaculada Concepción*, onde foi profesor ininterrompidamente ata 1953. Once anos nos que impartiu as materias de Lingua e Literatura Latinas, Lingua e Literatura Gregas e, esporadicamente, Lingua Española e Composición. Ademais, desempeñou os cargos de Secretario do centro desde o curso 1943-1944, Director Técnico desde 1950 e foi vogal do Tribunal do exame de Grao de Bacharelato en varias ocasións.

Como no bacharelato deses anos o Latín e o Grego eran obrigatorios para todos os alumnos desde os doce anos, todos os estradenses que estudaron nesas datas foron discípulos seus e todos os que aínda viven gardan a viva lembranza dun profesor extraordinariamente competente, entusiasta defensor das letras e a cultura clásicas e un home simpático, próximo e tremendamente humano. Polo demais, como o centro era un colexio libre adoptado, había que ir examinarse a Pontevedra e era Manuel o que adoitaba acompañar os alumnos, intentando atemperar neles o explicable nerviosismo.

Ademais do seu labor docente, Manuel foi, dende a súa condición de home de letras, un importante dinamizador da vida cultural da pequena vila da Estrada daqueles anos, promovendo, como «director de escena», a montaxe de zarzuelas (*La del manojo de rosas*) e obras de teatro (*La importancia de llamarse Ernesto*, de Oscar Wilde), que se representaban no Teatro Principal e nas que participaban as rapazas e rapaces de entón.

O 28 de maio de 1949 casou na parroquia de San Pelayo coa estradense Felisa Blanco Fuentes, filla do Secretario do Xulgado Mario Blanco Torres e de Edelmira Fuentes Mesego, e membro dunha coñecida e vasta stirpe estradense. Felisa habíalle dar dous fillos: María José, nacida o 28 de febreiro de 1951, e Manuel, nacido o 4 de febreiro de 1954.

En 1953, e por razóns que non somos quen de penetrar, a familia trasládase á Coruña, onde Manuel dá un xiro profesional sorprenden-



Grupo de mozos e mozas estradenses nunha excursión a Portugal posan na antiga ponte internacional de Tui.



Manuel García Barros e Felisa Blanco Fuentes na alameda da Estrada coa pequena María José.



Unha simpática foto de Manuel e Felisa cos seus fillos e, á dereita, o seu sobriño Segismundo Blanco Valdés.



Nunha terraza da Estrada (do bar Pepe?), os Blanco e as súas parellas. De dereita á esquerda: Manuel García Barros, Felisa Blanco Fuentes, Rosa Blanco Fuentes, María Luisa Valdés Mota, Carmiña Blanco Fuentes, Manuel de la Calle Sáez, Segismundo Blanco Fuentes, Mario Blanco Fuentes e Carmen Valdés Mota.



Na Coruña, Manuel pasea con Francisco Blanco, “de las Confecciones” como era coñecido na Estrada, e o seu fillo Juan Blanco.

te, pois establécese como encargado dunha tenda de confeccións de cabaleiro, delegación de Confeccións Blanco da Estrada. Pero unha vocación docente tan fonda non casaba ben con poñerse a vender gabáns e gabardinas e, deseguido, ademais de impartir clases particulares, ingresa como profesor no Instituto Feminino Eusebio da Guarda da Coruña onde foi Axudante Gratuíto –categoría docente, por certo, hoxe impensable...– de Grego e Latín ata o curso 1960-1961. En outubro de 1961 ascendeu a Adxunto interino, ata que en 1962 presentouse, e aprobou, as oposicións de Latín<sup>3</sup>. Como na Coruña non había praza vacante, en 1963 tivo que marchar a Ferrol, ao Instituto Feminino Concepción Arenal, onde tamén foi Xefe de Estudos e Secretario.

Era tal o amor que profesaba á súa familia e a saudade que lle provocaba o afastamento que non podía estar máis de tres días sen velos.

3 Hai que ter en conta que daquela as oposicións convocábanse e celebrábanse de Pascuas a Ramos e tomábase posesión da praza un curso despois de ter aprobado a oposición.



Os irmáns varóns Blanco Fuentes e os seus cuñados. De dereita á esquerda: Segismundo Blanco Fuentes, Manuel García Barros, Mario Blanco Fuentes, Manuel de la Calle Sáez, José Blanco Fuentes, Pedro Blanco Fuentes, Juan Prada Fernández.



Manuel, Felisa e os seus fillos, nas escaleiras do Sanatorio Nuestra Señora del Carmen, propiedade dos doutores Saturio e Manuel de la Calle Sáez, na primeira comunión do fillo pequeno, celebrada na capela do centro médico.



Última foto familiar.

El, que non conducía nin tiña coche<sup>4</sup>, por estar coa súa dona e os pequenos desprazábase en coche de liña (como entón se chamaba) á Coruña todos os mércores pola noite, despois das súas clases vespertinas, para regresar a Ferrol os xoves ás seis da mañá, para as súas clases matutinas. A fin de semana na Coruña era desde o sábado pola tarde (os sábados había clase ata as dúas da tarde) ata o luns tamén ás seis da mañá. Manuel, home afectuoso e devoto da súa familia, nunca esquecía mercar bombóns para os meniños e uns fermosos e delicados agasallos de anticuario para a súa muller. Despois de tres cursos do *trajín* de

4 Unha anécdota que testemuña o amor propio e a forza de vontade de Manuel é que, poucos meses antes do seu pasamento, contra novembro de 1968, un día estaba coa súa dona Felisa mirando pola fiestra e, perante os moitos coches que pasaban pola rúa, esta espertoulle: «Desde logo, es ben burriño! Todos saben conducir e ti non!». Manuel calou, pero ao día seguinte, inmediatamente despois do xantar (que sempre botaba unha sonequiña, antes de ir a clase), ergueuse e, con resolución, dixo: «Adeus. Marcho». Felisa, estrañada, preguntoulle: «Onde vas a tal hora?» E Manuel: «A aprender a conducir». Meu dito meu feito, pola mañá matriculárase nunha academia e empezaba a facer as prácticas. En vinte días tiña o carné de conducir (aprobou á primeira) e por Reis mercou o coche. Pero o pobre puido gozar moi pouco del, porque en marzo seguinte foise para sempre.

ir e vir a Ferrol, en 1966 reocupou a praza na Coruña, no seu Instituto Eusebio da Guarda, onde ademais de profesor foi tamén Secretario.

Xa asentado na Coruña, tamén foi profesor de Latín e Grego na Academia Galicia, un centro privado de gran prestixio na Coruña, e de «Lengua, Geografía e Historia» (*sic*) na Escola Oficial de Mestría Industrial<sup>5</sup>.

Pero nada existe tan indiscriminado, e de cando en vez intolerablemente inxusto, como os ditames da morte ineludible. Na plenitude da vida, profesional e persoal, brillante profesor, fiel amigo dos seus amigos, amante esposo e felicísimo pai de dous magníficos estudantes, o 30 de marzo de 1969, aos 55 anos, un infarto fulminante non lle deu ningunha oportunidade e levouno a impartir aulas noutros mundos.

As liñas que anteceden dedícanse á memoria dun xurdio militante das ringleiras dos «bos e xenerosos». Papá, tío Manolo, alí onde o seu espírito more, agradecerá que o recordemos, abofé que co seu característico sorriso.

---

5 Daquela non había incompatibilidades nin dedicacións a tempo completo nin parcial e podíase dar clase en varios sitios.